

## OS MUÍÑOS DO LAMBRE

Antón estaba esgotado. A xornada de traballo fora moi dura.

Tiña corenta e dous anos e levaba dende os vinte adicándose á limpeza e desbroce de montes. Non era un traballo doado, nin demasiado ben pagado, pero a el gustáballe. Permitíalle estar preto da natureza e coidala. Sabía o importante que era o seu labor para evitar accidentes e incendios.

Na zona da que se ocupaba Antón non había incendios dende moitos anos atrás. Debía de sentirse satisfeito, pero non o estaba. O perigo podía aparecer en calquera momento.

Antón traballaba nos montes do río Lambre. Non era este un río importante, coma o seu veciño o Mandeo polo seu paso por Betanzos. Pero era un río fermoso, un remanso de paz. Un río que, como o Miño entre Galicia e Portugal, facía de fronteira entre os Concellos de Miño e Paderne. Tamén era berce da lenda de Roxín Roxal, paxe dos Andrade, transcorrida na Ponte do Porco que une as dúas ribeiras na súa desembocadura na ría.

Antón gardaba os aparellos na furgoneta mentres cavilaba sobre todo iso. Como podía ser que un lugar tan belido estivese ao mesmo tempo tan descoidado? Os eucaliptos mesturábanse cos escasos carballos, as silvas interrompían os camiños ás praias fluviais, as vellas ruínas dos muíños acumulaban feitos e lembranzas dun tempo mellor... E o abandono dalgúns montes. Aquel era un dos seus maiores temores.

El limpaba os camiños comúns e os montes de quen o contratase, pero non todo o mundo o facía. Tremía por que algún día un deses montes comezase a arder e esnaquizase aquel diminuto paraíso.

Cando Antón rematou de recoller todo, a Lúa iluminaba xa a noite e brillaban os farois. Tiña o coche aparcado preto da pequena ponte medieval que atravesaba o río,

preto dunhas casas. Dispúñase a saír -quedáballe un longo traxecto ata a casa-, cando unha muller comezou a chamalo e a achegarse ao coche. Coñecíaa. A señora Carme tiña oitenta anos e vivía co seu home , tamén ancián, naquel lugar.

- Boas noites, señora -saudou Antón cun sorriso.
- Boas noites, fillo. Moito tardaches hoxe, non?
- Pepe do Caio quería que lle limpase o monte da Cal. Foi máis traballo do que pensara, e precisaba acabar hoxe, porque mañá tamén ando ocupado...
- Pois mira, eu íache preguntar unha cousiña... Ti saberías dicirme se viches algo raro no muíño das Fervenzas?
- No muíño das Fervenzas? Xa hai que non vou pero, que eu saiba, non pasou nada -a Antón non se lle escapou o estraño ollar da señora Carme, que se esforzou en sorrir de novo-. Preocúpalle algo?
- Non, nada. O meu neto, que é un traste e foi xogar polo río. Ten unha imaxinación...! Volvo para dentro, que xa vexo a Xan rosmando!

Antón despediuse de Carme e volveu ao coche. Mirou o reloxo. Xa pasaban das once. Arrincou rapidamente. Na radio soaba a súa canción favorita. Non tardou en esquecerlle a súa peculiar conversa coa anciá do Lambre.

Antón xa estaba de novo en camiño ás oito da mañá. Vivía en Monfero, moi preto do mosteiro, e chegar á zona onde tiña o encargo íalle levar moito tempo. En todo o traxecto, apenas se cruzou con media ducia de coches. Notábanse as vacacións de verán.

O monte Formigueiro era un dos máis grandes da zona de Miño, con case doce ferrados. Fora propiedade dun dos donos do antigo serradoiro. Antón sabía que ese era traballo de máis dun día, por iso quería comezar canto antes.

Á hora de xantar Antón achegouse á cafetería de Xosé, onde adoitaba comer cando andaba moi apurado. Xosé era o xenro da señora Carme e vivía na mesma ringleira de casas coa muller e o fillo.

Pediu a súa ración habitual de callos e comezou a comela en silencio. Estaba canso (esforzárase en cumprir o obxectivo que decidira para a mañá) e non tiña ganas de falar con ninguén, así que colleu unha mesa apartada. Malia iso, puido escoitar perfectamente a conversa que mantiñan Eva, a muller de Xosé, e a súa nai:

– Si, outra vez! O cativo esta obsesionado co muíño e hoxe volveu. Un día aínda ha esvarar nunha pedra... -Dicía a señora Carme, preocupada.

– Ai, mamá, tranquila! David ten máis sentido do que parece. Ten quince anos, é normal que vaia cos amigos por aí. A mágoa é que non teñan limpas as praias do río, porque daquela si que non se movería dalí. Cantas veces fun de rapaza con Charo ao acabarmos de traballar!

Antón non seguía atendendo. O muíño outra vez! El xa fora velo algunha vez, era moi antigo, polo visto tiña máis de dous séculos, e empregárase para fabricar fariña de trigo. Pero, pensou, a día de hoxe pouco interese podía ter. O tempo e o abandono deixaran só parte das paredes e algúns cascallos. Que atoparía ese rapaz? Antón mirou a hora. Aínda era cedo para volver traballar. Decidiu que faría unha nova visita ás Fervenzas.

O primeiro que viu Antón ao chegar ao muíño foi a un alto mozo, cunha rechamante camiseta vermella, que examinaba atentamente as ruínas. Supuxo que sería David.

– Boas, rapaz! - saudou. David sobresaltouse ao descubrir que estaba acompañado.

– O-ola... -tatexou, pero recompúxose deseguida-. Ti es Antón?

– Son -respondeu el, sorprendido-. Por que o preguntas?

– Miña avoa díxome que falara contigo do muíño, e pensei que talvez virías. Ti saberías dicirme que é isto? -e volveu internarse nas ruínas. Antón seguiuno.

O mozo limpara de feitos e silvas toda a zona, polo que se podía ver toda a estrutura do edificio. David achegárase a unha das paredes interiores, sinalando un pequeno símbolo. Antón examinouno con coidado. Estudara Historia dous anos, pero abándonáralo porque a súa familia precisaba os cartos. A pesar do tempo transcorrido, aínda se lembraba dalgunhas cousas.

– É unha especie de cruz con adornos... -comezou a dicir-. Moita xente tiña este tipo de cousas nas súas casas para sentirse protexidos, e supoño que o encargado do muíño non foi unha excepción.

– E xa está? Non hai máis? -David semellaba decepcionado.

Antón enrugou o cello e rozou os bordos do signo.

– Paréceme que non. Se iso era todo... -fixo aceno de marchar, pero, de súpeto, a cruz comezou a emitir un brillo dourado...

O tempo detívose. Todo quedou paralizado: os paxaros no seu voo, a auga nas fervezas... Todo. Agás Antón e David, que se ollaban un ao outro mudos de asombro. O home ía falar cando das augas do río empezaron a emerxer media ducia de estraños seres. Medirían apenas un metro e eran transparentes. Antón e David palideceron mortalmente. Un dos seres adiantouse.

– Non vos preocupedes, non vos imos facer dano -dixo. A súa “voz” soara nas mentes dos homes. Malia teren forma humana, ningún daqueles seres amosaba ollos, nin boca-. Estamos moi agradecidas pola vosa axuda. Levabamos moito tempo presas por esa cruz. Agora por fin somos ceibes.

David pareceu recuperar as forzas con aquelas frases.

– Quen sodes? Por que se parou o tempo?... -as preguntas amontoábenselle.

– Somos mouras. Paramos o tempo porque temos que viaxar e os homes non debedes vernos. Pero tranquilos, que deseguida todo volverá ao equilibrio... -as mouras dirixíronse de novo ao río, cando Antón as interrompeu.

– Agardade! Por que estabades presas? -inquiriu.

– Porque hai algúns dos vosos que se cren os amos do mundo, mesmo por riba da Natureza, e non aturaron os nosos consellos. Esa cruz xa estaba gravada na pedra moito antes de que se levantase o muíño, pero quen o construíu decidiu mantela como símbolo protector, polo que ata agora ninguén se molestou en examinala -respondera a mesma moura de antes.

Antón creu percibir amargura nas súas verbas, pero non tivo tempo de comprobalo.

Un novo resplandor dourado cegounos e o tempo volveu fluír.

David seguía moi pálido, pero os seus ollos brillaban de emoción. A Antón aquilo non lle pasou desapercibido e agarrou ao mozo polos ombreiros, mirándoo con seriedade.

– Non lle podemos dicir nada disto a ninguén -David ía protestar, pero os duros ollos azuis de Antón non admitían réplica-. Nunca.

O mozo asentiu.

Horas despois, Antón remataba co Formigueiro por ese día. Aplicárase a fondo naquel traballo, principalmente para esquecer o que lle acontecera aquela tarde. Aínda non estaba moi seguro de que non soñara aquilo; o único que tiña claro era que debía falar de novo con David. O rapaz confesáralle o moito que lle gustaba percorrer os bosques e investigar todo o que vía. Por iso mesmo mostrara tanto interese polo muíño, preocupando á súa avoa. Antón estaba seguro de que o mozo descubrira moitos máis segredos do Lambre que el.

De calquera xeito, quedara con Xosé o sábado seguinte para pescar no coto.

Confiaba en que podería convencer tamén a aquel fascinante rapaz para que os acompañase.

Antón estaba seguro de que se entenderían moi ben. Os dous tiñan o mesmo desexo: comprender a Natureza e protexela.

E o Lambre aínda agochaba tanto...